

AXUDAS DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, PARA OBTENCIÓN DE AVALES, POR TITULARES DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS, OU EMPRESAS DE SERVIZOS AGRARIOS, PARA FINANCIAR COMPRA DE MAQUINARIA AGRÍCOLA NOVA.

PRAZO ATA 01/09/2021.

<https://www.boe.es/eli/es/rd/2021/04/06/244>

https://boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-B-2021-20930

BENEFICIARIAS/OS:

- Titulares de explotación agrarias inscritas no Rexistro Xeral de Produción Agrícola. Considéranse titulares, ás persoas físicas, xurídicas, e agrupacións de persoas físicas e xurídicas, Agrupacións de defensa sanitaria, e agrupacións de tratamentos integrados. No caso de que o titular da explotación sexa unha entidade asociativa, os seus membros tamén poden ser beneficiarios individualmente destas axudas.
- Persoas físicas e xurídicas que presten servizos agrarios, entendendo estes polo que teñen como actividade inscrita co epígrafe 911, 912 e 851 do IAE.

OBXETO DA AXUDA:

As axudas consisten na financiación do importe total da comisión do aval SAECA e da comisión de estudo do aval de SAECA, para a adquisición de maquinaria agrícola nova.

O custe será: 0.50% comisión de estudo, na formalización do préstamo, e comisión do aval, 1,15% anual sobre o saldo vivo do préstamo avalado.

O máximo de axudas serán de 100.000 euros e máximo de 10 anos podéndose incluír nestes, un ano de carencia.

REQUISITOS PARA OBTER A SUBVENCIÓN:

- Adquirir no prazo máximo de un mes dende que a finalización do prazo de presentación das solicitudes a maquinaria pola que solicita o préstamo, e presentar a factura, que deberá corresponder coa fac pro-forma presentada na solicitude.
- Acreditar que é BENEFICIARIO/A
- Non superar os límites establecidos para ás axudas de “mínimis”
- A maquinaria que se compre, ter que ser agrícola nova que sexa obrigado a súa inscrición no ROMA

As solicitudes diríxense a SUBSECRETARIO DE AGRICULTURA, e fanse no mesmo documento onde se solicita o AVAL ante o SAECA.